

# NOVIDADES SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS POLA CRISE DO COVID 19

Enviado por [admin](#) <sup>[1]</sup> o Lun, 03/16/2020 - 08:07

Estimadas familias, debido ao estado de alarma decretado polo goberno central, o centro permanecerá pechado mentres dure a corentena. O acceso ao colexio neste período estará restrinxido aos membros do equipo directivo e ao persoal encargado da desinfección das instalacións.

Tedes á vosa disposición o correo electrónico [ceip.lopez.ferreiro@edu.xunta.es](mailto:ceip.lopez.ferreiro@edu.xunta.es) <sup>[2]</sup>.

O proceso de Admisión de alumnado non suporá un problema, xa que se prolongará o prazo de presentación de solicitudes ata unha semana despois de empezar as clases.

Con respecto ao alumnado, como vos explicamos no correo que remitimos a todas as familias, deseñamos un plan de traballo telemático para que o seu proceso de formación se vexa interrompido o menos posible. Plan que pasamos a especificar por titorías e especialidades.

## Educación Infantil

Enviou un comunicado conxunto a todas as familias con orientacións e suxestións de recursos. Estarán en contacto a través de correos coas familias.

## Educación Primaria

### 1º A / 1º B / 2º A / 2º B

As titoras e titores crearon un correo para comunicarse coas familias e facerlles chegar as tarefas.

### 3º A / 3º B / 3º C / 4º A / 4º B

As titoras e titores crearon un correo para comunicarse coas familias e colgarán tarefas no blog de aula.

### 5º A / 5º B / 6º A / 6º B

Utilizarán a plataforma Edixgal coa que o alumnado xa está familiarizado. A propia plataforma ten un servizo de mensaxes.

## EDUCACIÓN FÍSICA

O profesor Marcos Calaza cargará material na Aula Virtual do colexio (enlace na web do noso centro, na barra superior á dereita). No enlace están todas as clases dispoñibles

<http://centros.edu.xunta.gal/ceiplopezferreiro/aulavirtual/>

## MÚSICA

### Alumnado de 1º, 2º e 3º

Realizar un traballo sobre os instrumentos da familia de vento madeira.

Suxestión de enlaces:

<https://www.youtube.com/watch?v=T5YchF4Pgro&t=112s> <sup>[3]</sup>

<https://sinalefa2.wordpress.com/2009/07/23/instrumentos-de-viento-madera/> <sup>[4]</sup>

### Alumnado de 4º, 5º e 6º

Aproveitando que este ano se celebra o aniversario do nacemento de Beethoven, un traballo sobre as súas obras.

Suxestión de enlaces:

<https://da.beethoven.de/hallo-beethoven/html5/start.html?&lang=s> <sup>[5]</sup>

<https://www.youtube.com/watch?v=xV1eD6aB6n8> <sup>[6]</sup>

<https://www.youtube.com/watch?v=vfHfsjDLrF8> <sup>[7]</sup>

Para 4º, 5º e 6º de EP, práctica das partituras coa fruta.

### ENGLISH 1º - 2º - 3º c - 4º - 6º

Aula Virtual do colexio (enlace na web do noso centro, na barra superior á dereita):

<http://centros.edu.xunta.gal/ceiplopezferreiro/aulavirtual/> <sup>[8]</sup>

A comunicación coas familias faise a través de correo electrónico.

### ENGLISH 3º A - 3º B - 5º A - 5º B

Plataforma Edmodo, que o alumnado xa utiliza desde principio de curso.

Está o recordatorio de claves abertas, para os que non poidan utilizar a súa por telas deixado no colexio, na aula virtual na materia de Inglés. A comunicación coas familias faise a través de mensaxería Edmodo e correo electrónico.

## RELIXIÓN

Fixo as indicacións concretas para o seu alumnado.

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Informar de que no enlace <https://orientacionceiplopezferreiro.blospot.com/> <sup>[9]</sup> está a disposición de toda a comunidade educativa o blog do departamento de orientación. Este recuncho, que naceu froito da situación que estamos a vivir, actualízase con regularidade e nel pódense atopar orientacións para o alumnado e as familias, ligazóns de interese, materiais e recursos educativos e de entretemento e un apartado para poder contactar e formular calquera dúbida ou suxerencia que poida xurdir.

O alumnado de necesidades educativas especiais e o de necesidades específicas de apoio educativo recibe atención personalizada (correo electrónico, teléfono, whatsapp ou videoconferencia) coas tarefas correspondentes adaptadas as súas necesidades.

A orientadora a través do correo : [mbalsa@edu.xunta.es](mailto:mbalsa@edu.xunta.es) <sup>[10]</sup> está á disposición de alumnado, familias e profesorado.

Recíbide un cordial saúdo e o noso desexo de que todo vaia ben.

Equipo de docentes.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/384>

#### Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <mailto:ceip.lopez.ferreiro@edu.xunta.es>

[3] <https://www.youtube.com/watch?v=T5YchF4Pgro&amp;t=112s>

[4] <https://sinalefa2.wordpress.com/2009/07/23/instrumentos-de-viento-madera/>

[5] <https://da.beethoven.de/hallo-beethoven/html5/start.html?&lang=s>

[6] <https://www.youtube.com/watch?v=xV1eD6aB6n8>

[7] <https://www.youtube.com/watch?v=vfHfsjDLrF8>

[8] <http://centros.edu.xunta.gal/ceiplopezferreiro/aulavirtual/>

[9] <https://orientacionceiplopezferreiro.blospot.com/>

[10] <mailto:mbalsa@edu.xunta.es>